

# Prohibición de traballar con calor extremo

Con efectos do 13 de maio de 2023 as actividades ó aire libre quedarán prohibidas cando a Axencia Estatal de Meteoroloxía (AEMET) active a alerta laranxa ou roxa, sempre que non poda garantirse de outro modo a debida protección das persoas traballadoras. En concreto, prohíbese o desenvolvemento de certas tarefas durante a época de maiores temperaturas, resultando obrigatoria a adaptación das condicións de traballo, incluída a redución ou modificación das horas de xornada así como o cambio de turnos.

Estas previsións afectarán a tódolos traballos en exteriores (medios de transporte utilizados fora da empresa, obras de construción temporales ou móbiles, traballos agrícolas ou forestais...) e deberán implementarse na avaliación de riscos que tomará en consideración, ademais dos fenómenos mencionados adversos, as características da tarefa que se desempeña así como as características persoais ou o estado biolóxico da persoa traballadora.